



Guía Docente				
Datos Identificativos				2015/16
Asignatura (*)	TECNOLOXÍA DOS MATERIAIS NON METÁLICOS	Código	730G04063	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	6
Idioma	CastelánGalegoInglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Enxeñaría Industrial 2			
Coordinación	López Beceiro, Jorge JoséArtiaga Diaz, Ramon Pedro	Correo electrónico	jorge.lopez.beceiro@udc.es ramon.artiaga@udc.es	
Profesorado	Artiaga Diaz, Ramon Pedro López Beceiro, Jorge José	Correo electrónico	ramon.artiaga@udc.es jorge.lopez.beceiro@udc.es	
Web	materiales.wikispaces.com			
Descrición xeral	OBXECTIVOS: Que o alumno adquira un coñecemento teórico e práctico dos materiais poliméricos e cerámicos, as súas propiedades diferenciais e técnicas de caracterización, así como os campos de aplicación en función das súas propiedades.			

Competencias do título	
Código	Competencias do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Seleccionar axeitadamente os materiais polímeros e cerámicos máis adecuados en función das aplicacións.	A4 A9	B3 B7 B8 B9	C1 C4 C6
Determinar as técnicas de caracterización máis axeitadas e interpretar os ensaios de control de calidade do proceso de fabricación e do produto rematado	A9	B3 B4 B5 B8 B9	C4 C5 C6

Contidos	
Temas	Subtemas
1.1 Aspectos básicos da estrutura dos polímeros.	Estrutura molecular dos materiais poliméricos. Clasificación dos polímeros. Peso molecular. Enlaces químicos e forzas intermoleculares en polímeros. Configuracións e conformacións dos polímeros. Tacticidade.
1.2 Reaccions de polimerización.	Orixe dos polímeros. Policondensación. Polimerización en cadea por radicais libres. Polimerización catiónica. Polimerización aniónica. Polimerización en cadea por coordinación. Copolimerización.



1.3 Morfoloxía dos polímeros orgánicos.	Estado cristalino e estado amorfo. Grao de cristalinidade. Cristalización de polímeros a partir dunha disolución. Cristalización de polímeros a partir dun fundido. Esferulitas. Cinética da cristalización. Transicións térmicas. Fusión e transición vítrea. Análise térmica diferencial e calorimetría diferencial de varrido.
1.4 Propiedades mecánicas.	Esfuerzo e deformación. Sólidos fráxiles. Módulo de elasticidade de polímeros amorfos. Elasticidade do caucho. Viscoelasticidade. Sólidos elásticos: funcións de relación esforzo-deformación. Materiais viscoelásticos. Relaxación de esforzos. Experimentos de fluencia e de relaxación de esforzos.
1.5 Outras propiedades e características dos plásticos	Propiedades eléctricas. Propiedades ópticas. Propiedades térmicas. Permeabilidade a gases e vapores. Estabilidade a altas temperaturas e comportamento ao lume. Resistencia química.
1.6 Fundamentos do procesado de polímeros	Líquidos, viscosidade e procesado de polímeros. Outras propiedades dos fluídos. Esforzos de cisalla en sistemas poliméricos. Viscosidade de polímeros fundidos. Índice de fluidez. Fusión de polímeros. Solidificación de polímeros.
1.7 Aditivos.	Tipos de aditivos. Forma física das mesturas de polímeros. Tipos de procesos de mesturado.
1.8 Termoplásticos de interese industrial.	Poliétileno. Polipropileno. Poliestireno e derivados. Polímeros acrílicos. Polimetacrilato de metilo. Fibras acrílicas. Poliésteres de vinilo. Poliacetato de vinilo. Cloroplásticos. Policloruro de vinilo. Fluoroplásticos. Politetrafluoretileno. Poliámidas. Nailon. Policarbonatos. Polipéptidos. Lá e seda. Acetais. Derivados da celulosa. Algodón. Raión. Celofán. Acetato de celulosa. Nitrato de celulosa. Aliaxes de polímeros.



1.9 Termoestables de interés industrial.	Resinas fenólicas. Resinas epoxi. Resinas de poliésteres insaturados. Aminoplastos. Melaminas y ureas. Espumas de uretano. Polímeros de silicona.
1.10 Elastómeros.	Composición e propiedades dos elastómeros. Propiedades mecánicas. Vulcanización. Compoñentes e técnicas de preparación das mesturas. Caucho natural. Cauchos sintéticos. Caucho estireno-butadieno. Neopreno. Cauchos de silicona.
1.11 Adhesivos, disolventes, pinturas e outros recubrimentos poliméricos.	Adhesivos. Natureza da adhesión. Tipos de adhesivos. Produtos sintéticos e naturais. Disolventes. Clases de disolventes para recubrimentos superficiais. Propiedades e características. Pinturas e outros recubrimentos poliméricos. Compoñentes principais. Tipos de pinturas e recubrimentos.
2.CERÁMICOS E VIDRIOS 2.1 Aspectos básicos da estrutura dos materiais cerámicos.	Características xerais. Forzas de enlace e número de coordinación. Imperfeccións cristalinas en cerámicos. Estruturas cristalinas de cerámicos sinxelos. Diagramas de equilibrio de fases de cerámicos. O sistema $Al_2O_3-SiO_2$. O sistema $MgO-Al_2O_3-SiO_2$.
2.2 Silicatos.	Estrutura dos silicatos. Estrutura básica. Estrutura en cadea e en anel. Estruturas laminares. Silicatos tridimensionais. Sílice. Minerais do grupo da sílice. Cuarzo. Feldespatos. Arxilas. Caolín.
2.3 Refractarios.	Clasificación. Refractarios con osíxeno na súa composición. Alumina e mullita. Magnesia e dolomita. Circona. Cromita. Refractarios sen osíxeno na súa composición. Boruros. Carbono e grafito. Carburo de silicio. Outros carburos. Silicio e siliciuros. Nitruros. Nitruro de silicio.
2.4 Propiedades mecánicas dos cerámicos.	A fragilidade nos cerámicos. Ensaio de flexión transversal. Resistencia á flexión. Elasticidade. Mecanismos de deformación de materiais cerámicos. Factores que afectan á resistencia dos materiais cerámicos. Fluencia en quente (creep). Fatiga. Dureza. Materiais abrasivos cerámicos.



2.5 Outras propiedades dos cerámicos.	<p>Propiedades dieléctricas.</p> <p>Constante dieléctrica. Rixidez dieléctrica. Factor de perdas dieléctrico.</p> <p>Materiais cerámicos illantes.</p> <p>Cerámicos semicondutores.</p> <p>Cerámicos ferroeléctricos. Efecto piezoeléctrico.</p> <p>Propiedades magnéticas.</p> <p>Propiedades térmicas. Calor específica. Coeficiente de dilatación térmica.</p> <p>Condutividade térmica. Resistencia ao choque térmico.</p> <p>Degradación química de cerámicos.</p>
2.6 Vidros. Estrutura e propiedades xerais.	<p>Temperatura de transición vítrea.</p> <p>Estrutura e composición dos vidros.</p> <p>Deformación viscosa de vidros.</p> <p>Fractura. Fatiga.</p> <p>Propiedades ópticas.</p> <p>Resistencia química.</p>
3. FORMIGÓN, MESTURAS ASFÁLTICAS E MADEIRA	<p>Compoñentes do formigón. Cemento Portland. Aire incorporado, agregados e aditivos. Proporcións de mestura no formigón. Endurecemento do cemento Portland.</p> <p>Propiedades do formigón.</p> <p>Formigóns especiais. Con aire incorporado, livián pesado, para clima frío e para clima cálido.</p> <p>Formigón armado. Formigón pretensar e formigón postensado.</p> <p>Corrosión do formigón armado.</p> <p>Asfalto e mesturas asfálticas.</p>
3.1 Formigón e mesturas asfálticas	
3.2 Madeira.	<p>Madeira. Macroestrutura. Microestrutura. Propiedades térmicas e mecánicas.</p> <p>Produtos derivados da madeira.</p>

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A4 A9 C4 C5 C6	24	36	60
Prácticas de laboratorio	B3 B4 B8 B9 C6	18	9	27
Traballos tutelados	A9 B3 B4 B5 B7 B8 B9 C1 C6	17	34	51
Proba obxectiva	A4 A9 B4	2	0	2
Atención personalizada		10	0	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.
Prácticas de laboratorio	Metodoloxía que permite que os estudantes aprendan efectivamente a través da realización de actividades de carácter práctico, tales como demostracións, exercicios, experimentos e investigacións. Prácticas TGA, DSC, MDSC e DMTA. Aplicación a materiais non metálicos.
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente á aprendizaxe do ou cómo facer as cousas. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor tutor.



Proba obxectiva	Proba obxectiva sobre os coñecementos adquiridos.
-----------------	---------------------------------------------------

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral Prácticas de laboratorio Traballos tutelados Proba obxectiva	Para abordar as dúbidas e inquietudes que poidan xurdir a cada alumno.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Prácticas de laboratorio	B3 B4 B8 B9 C6	Asistencia e actitude en clase. Capacidade de manexo dos distintos equipos e interpretación de resultados.	30
Traballos tutelados	A9 B3 B4 B5 B7 B8 B9 C1 C6	Valorarase a capacidade de expresarse, comunicar os resultados do proxecto de investigación.	30
Proba obxectiva	A4 A9 B4	Valoración dos coñecementos adquiridos.	40
Outros			

Observacións avaliación

Será necesario obter un mínimo de 4 (sobre 10) na Proba obxectiva para aprobar asignatura.

Fontes de información

Bibliografía básica	Plastics technology handbook / Manas Chanda, Salil K. Roy. Boca Raton [etc.] : CRC Press, [2007] 4th ed. ISBN 978-0-8493-7039-7 Procesos industriales para materiais no metálicos / Julián Rodríguez Montes, Lucas Castro Martínez, Juan Carlos del Real Romero. Madrid : Vision Net, 2006. 2ª ed. ISBN 8498213193 Materiales refractarios y cerámicos / Luís F. Verdeja, José P. Sancho, Antonio Ballester. Madrid : Síntesis, [2008] ISBN 978-84-975656-0-8 Thermal characterization of polymeric materials / edited by Edith A. Turi, San Diego : Academic Press, 1997, 2nd. ed. ISBN 0-12-703781-0 (v.1) 0-12-703782-9 (v.2)
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías